

1920
2020
100
Nós.
OURENSE

Concello de
OURENSE



Ciclo **LÍRICO**

DE OUTONO DA CIDADE DE OURENSE

25

26

27

Nov

AUDITORIO MUNICIPAL
DE OURENSE

V Ciclo LÍRICO

25

Nor

20:30 h Auditorio Municipal de Ourense

Delia Agúndez Soprano

María Alejandra Saturno Viola de gamba

Alicia Lázaro Laúde



26

Nor

20:30 h Auditorio Municipal de Ourense

Peter Kellner Barítono

Alejandro Picó-Leonís Piano



27

Nor

20:30 h Auditorio Municipal de Ourense

Nuria Lorenzo Mezzosoprano

Alejo Amoedo Piano



Chegamos con esta edición ao primeiro lustro do Ciclo Lírico de Outono de Ourense, co que pretendemos achegar este xénero musical á cidadanía, sempre deseñosa de escoitar novas propostas, outras que son de todas coñecidas e algunhas recuperadas de partituras esquecidas.

Así, neste ano tan extraño, contaremos con tres concertos para festexar a música lírica de tres xeitos diferentes.

Comezaremos coa música que deu a volta ao mundo. Neste ano no que cumprimos o quinto centenario da extraordinaria viaxe que demostrou que a Terra non era plana, capitaneada por Magallanes e Elcano. Teremos con nós ao trío composto pola soprano Delia Agúndez, xunto á viola de gamba de María Alejandra Saturno e Alicia Lázaro co laúde. Gozaremos de músicas que foron desde a vella Europa á (nova) América e volveron. Porque, como todo, a música non para, está viva, muda e transfórmase con cada xeración. E é, para nós, unha fortuna poder escoitala e observar esta evolución.

O segundo concerto levaranos ao centro de Europa, o berce da lírica, para escoitar os máis afamados lieder. A voz do barítono Peter Kellner, acompañado ao piano por Alejandro Picó-Leonís, porá en escena obras de compositores clásicos e imperdibles. Recordaremos o 250 aniversario do nacemento do mestre Beethoven e logo pasaremos a Schubert. Música imperdible, música inesquecible.

E para rematar esta edición do ciclo, deteremos a nosa viaxe na nosa terra, neste ano no que, tamén, conmemoramos o centenario da Xeración Nós. Como un acto máis en homenaxe, poderemos escoitar da voz de Nuria Lorenzo, mezzosoprano, acompañada ao piano por Alejo Amoedo, obras con textos de Pedrayo, Risco ou Cuevillas. Outros textos serán de Rosalía de Castro, Eugenia Osterberger ou Curros Enríquez.

A noite rematará cunha estrea, un regalo de Juan Durán, premio Raíña Sofía de composición, "Tríptico rosaliano", sobre poemas de Rosalía de Castro.

A proposta é variada, ampla, diferente. Propostas para todos os gustos, para pechar os ollos e marabillarse ante a potencia da voz, xunto ao piano, ou outros instrumentos. Será o momento para pensar en que a música continúa a acompañarnos, agora e sempre.

**Que comece o ciclo, festexemos os seus primeiros cinco anos,
e sigamos soñando con máis música!**

MÉRCORES, 25 NOVEMBRO 2020

EN TERRAS ALLEAS

Cen anos de música viaxeira

Delia Agúndez Soprano
María Alejandra Saturno Viola de gamba
Alicia Lázaro Laúde

Fascinante percorrido musical renacentista da man de mestres de capela viaxeiros, con músicas que dan fe da mestura musical na Europa do século XVI.

As obras do programa son na súa maioría do Cancioneiro de Segovia, recompilación iniciada para o uso da Corte de Isabel I, a Católica, e unha das mellores mostras do devir viaxeiro da música.



O programa inclúe música do pacense Juan Vásquez, do abulense Sebastián de Vivanco, do sevillano Alonso Lobo, que escribiron música vocal; e o toledano Diego Ortiz, activo na corte de Nápoles, de quen se conserva música instrumental. E chegarase ao século XVII da man dun dos músicos máis viaxeiros na Europa do século: o laudista e compositor John Dowland.

www.deliaagundez.com

PROGRAMA

P. Attaignant (c.a.1494-1552)
Prelude. Tant que vivray (Claudin de Sermisy)

Cancioneiro de Segovia (s.XV-XVI):
Helás qui pourra devenir (Ph. Caron)
Je ne fais plus (L. Compère)

Cancioneiro de Palacio (s.XV-XVI)
A tierras ajenas (F. Peñalosa)
Guarda dona il mio tormento (Anon.)

Odhecaton (s.XVI)
Zephiro spira. Io non compro piu speranza.

Juan Vasquez (c.a. 1500-1560)
Soledad tengo de ti.
Con qué la lavaré.
Quien amores tiene.

Luys Milán (c.a.1500-1561)
Fantasia del tercer tono.

Arquivo da Catedral de Segovia
O quam suavis est (S. de Vivanco c.a.1551-1622)
Ecce ascendimus Ierosoliman
(A.Lobo c.a.1555-1617)

John Dowland (1563-1626)
Prelude, Songs & Ayres



Os albores do lied:

BEETHOVEN & SCHUBERT

Peter Kellner Barítono
Alejandro Picó-Leonís Piano

Co barítono eslovaco Peter Kellner e co prestixioso pianista acompañante Alejandro Picó-Leonís faremos un percorrido pola lírica máis internacional, polos lieder de Schubert e Beethoven. Un percorrido pola lírica clásica europea.

<https://www.peter-kellner.com/>
<https://www.picolleonis.com/>

PROGRAMA

LUDWIG VAN BEETHOVEN

Adelaide, op. 46. Texto: Friedrich von Matthison

An die ferne Geliebte, op. 98 (Á miña amada distante) Texto: Alois I. Jeitteles

I. Auf dem Hügel sitz ich

(Séntome sobre a montaña)

II. Wo die Berge so blau

(Onde as montañas son tan azuis)

III. Leichte Segler in den Höhen

(Velas lixeiras nas alturas)

IV. Diese Wolken in den Höhen

(Estas nubes nas alturas)

V. Es kehret der Maien, es blühet die Au

(Maio volve, o prado florece)

VI. Nimm sie hin denn, diese Liedert

(Toma estas cancións)

- Pausa

FRANZ SCHUBERT

Schwanengesang, D 957 (O canto do cisne)
(sobre textos de Rellstab und Heine)

Textos: Ludwig Rellstab

I. Liebesbotschaft (Mensaxe de amor)

II. Kriegers Ahnung (Presentimento do guerreiro)

III. Frühlingssehnsucht (Nostalgia de primavera)

IV. Ständchen (Serenata)

V. Aufenthalt (Estancia)

VI. In der Ferne (Na distancia)

VII. Abschied (Despedida)

Textos: Heinrich Heine

VIII. Atlas (Atlas).

IX. Ihr Bild (O seu retrato).

X. Das Fischermädchen (A moza pescadora).

XI. Die Stadt (A cidade).

XII. Am Meer (Xunto ao mar).

XIII. Der Doppelgänger (O dobre).

Texto: Johann Gabriel Seidl

XIV. Die Taubenpost, D 965A

(A paloma mensaxeira)

LÍRICA GALEGA

Nuria Lorenzo Mezzoprano
Alejo Amoedo Piano

Para rematar a quinta edición do Ciclo Lírico faremos unha homenaxe ao Ano Nós no que estamos inmersos na cidade. Así, Nuria Lorenzo, mezzosoprano, xunto co acompañamento ao piando de Alejo Amoedo, ofrecerannos un concerto con textos de Pedrayo, Risco ou Cuevillas. Outros textos serán de Rosalía de Castro, Eugenia Osterberger ou Curros Enríquez.

A noite rematará cunha estrea, un regalo de Juan Durán, premio Raíña Sofía de composición, “Tríptico rosaliano”, sobre poemas de Rosalía de Castro.

Nuria Lorenzo

Nace en Vigo, Pontevedra. Titulada Superior en Canto polo Conservatorio Superior de Música da devandita cidade. Compaxina estes estudos coas clases maxistras da mezzosoprano Helga Mueller Mollinari en Verona, Italia.

No ano 2015 recibe a Medalla de Galega Destacada 2014 en recoñecemento á súa traxectoria profesional como cantante lírica e directora de coros. Gañadora do 2.º Premio Nacional de España no concurso J. J. M. M.; 1.º Premio de Galicia no concurso Música Xove; 1.º Premio á Excelencia Musical na Coruña e o 1.º Premio á Interpretación Musical en Vigo así como finalista en varios concursos internacionais.

Tamén foi elixida pola Fundación Pedro Barrié de la Maza para participar no V Ciclo de Novos Intérpretes, no cal resultou finalista. É bolsreira pola Universidade de San Louis (EE. UU.), para estudar interpretación da canción española.

Alejo Amoedo

Nado en Redondela, realiza os seus estudos musicais nos conservatorios de Pontevedra e Vigo onde finaliza con altas cualificacións as carreiras de piano e música de cámara cos mestres Jesús Fernández Yepes e Josefa Estarque Vila; posteriormente en Madrid, baixo a dirección de Miguel Zanetti, especialízase no acompañamento vocal.



Conta cunha ampla traxectoria en recitais en diferentes espazos onde, tamén, estreou obras de compositores como Rogelio Groba, Carlos López García-Picos, Juan Eiras, Antonio Paz Valverde, Paulino Pereiro, Eligio Vila, Miguel Brotóns, Ángel Montes, Xabier Comesanha, María Mendoza ou Juan Pérez Berná, entre outros, ademais de gravar varios cedés, onde debemos destacar o tripló CD «Antoloxía de Compositores Galegos» (2013), xunto ao clarinetista Asterio Leiva, «Ensueño» (2004), «Virtuosimo Barroco»

(2011), «Fantasy Trumpet» (2012) e «Trumpet Contemporary» (2013), realizados xunto ao trompetista Rubén Simeó, «Mélodies» (Mans, 2012), conxuntamente coa mezzosoprano Iria Cuevas, ou «Evocación» (2016), coa obra para piano só de Reveriano Soutullo.

PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

Antonio Iglesias (Ourense, 1918-Madrid, 2011)
Ao Lonxe. Versos de Ramón Otero Pedrayo
(Ourense, 1888-1976)

Cristóbal Halffter (Madrid, 1930)
Panxoliña. Versos de Vicente Risco
(Ourense, 1884-1963)

Federico Mompou (Barcelona, 1893-1987)
Aureana do Sil. Versos de Ramón Cabanillas
(Cambados, 1876-1959)

Antón García Abril (Teruel, 1933)
«Cuatro canciones sobre textos gallegos para canto y piano»

I. Cuando vos oyo tocar (A Lola Rodríguez de Aragón). Sobre poema de «Cantares Gallegos» de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885)

II. Todo e silencio (A Teresa Tourner). Sobre poema de «Cantares Gallegos» de Rosalía de Castro.

III. As de cantar, meniña gaiteira (A Carmen Díez Martín). **Sobre poema de «Cantares Gallegos» de Rosalía de Castro.**

IV. Coita. Poema de Álvaro de las Casas
(Ourense, 1901-Barcelona, 1950)

SEGUNDA PARTE

Eugenia Osterberger (Santiago de Compostela, 1852 - Niza 'Francia', 1932)

I. Simple histoire. Poesía de André Rastier

II. Les roses de Saadi, «mélodie». Poesía de Marceline Desbordes Balmore (Douai, 'Francia', 1786-París, 1859)

José Baldomir (A Coruña, 1865-1947)

I. Ay! ¿Como foi?, melodía (Á ilustre escritora D^a Emilia Pardo Bazán). Poema de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908)

Carlos Cambeiro (Barcelona, 1958)

I. Miña nai, miña velliña (A mi padre). Texto de Manoel Cambeiro (Marín, 1920-Vigo, 1999)

II. Eu en ti (A mi hija). Texto de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979)

Juan Durán (Vigo, 1960)

Tríptico Rosaliano. *Sobre poemas de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885)

I. Cada noite eu chorando pensaba

II. Tecén soia


III. Lúa descolorida

* **Estrea**

Auditorio Municipal de Ourense

Venda de entradas na billeteira do Auditorio Municipal de Ourense (2 horas antes de cada concerto) ou na páxina web: www.ataquilla.com

Para calquera información adicional pode dirixirse á:
Concellería de Cultura do Concello de Ourense
Auditorio Municipal. Rúa da Canle, 2. Tel. 988 391 290



A LIÑA 18 Milagrosa-Residencia fai parada na rúa Nuno de Ousende xunto ao Auditorio Municipal.

